# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA ÁREA LINGUA ESTRANXEIRA: *INGLÉS*

5º Curso Educación Primaria

*Susana Matos Daparte*
CEIP Plurilingüe Os Tilos
Curso: 2021-22

# ÍNDICE

Páxinas

1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN 2
2. OBXECTIVOS DA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA 3
3. COMPETENCIAS CLAVE 5
4. BLOQUES CURRICULARES PARA A ÁREA DA PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA 6
5. TEMPORALIZACIÓN 8
6. CONCRECIÓN CURRICULAR 10
7. REVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL OU NON PRESENCIAL 83
8. AVALIACIÓN DO ALUMNADO 83
   - 8.1. Procedementos e instrumentos de Avaliación 84
   - 8.2. Avaliación Inicial 85
   - 8.3. Criterios de Cualificación 86
   - 8.4. Criterios de Promoción 86
9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE 87
10. ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE 88
11. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS 89
12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS 90
13. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DA PRIMERIA LINGUA ESTRANXEIRA AO PROXECTO LECTOR 91
14. ACCCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA 93
15. COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL, TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN 93
16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES 94
17. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE 94
18. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. PROCESO DE MELLORA 95

## 1. INTRODUCIÓN

A lingua é o instrumento por excelencia da comunicación e da aprendizaxe, por iso as linguas forman parte da bagaxe vital das persoas nun mundo en continua expansión no que as relación entre individuos, páises e organismos fanse cada vez máis necesarios e frecuentes creando, deste xeito, unha sociedade cada vez máis independente e global. A aprendizaxe de Linguas Estranxeiras cobran, polo tanto, unha especial relevancia neste contexto, xa que a capacidade de comunicación lingüística é o primeiro chanzo para desenvolverse nun contexto multicultural e plurilingüe.

O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas define os niveis de dominio da lingua que permiten determinar as competencias lingüísticas do alumnado en cada fase da aprendizaxe ao longo da súa vida. A educación primaria constitúe a fase inicial desa aprendizaxe de linguas estranxeiras e a base para que o alumnado, ao rematar a súa educación e formación escolar, teña unhas competencias de comprensión e expresión orais e escritas nunha lingua estranxeira que lle permitan achegarse ao seu uso independente.

Na Comunidade Autónoma de Galicia o contacto cunha primeira lingua estranxeira iníciase a partir do segundo ciclo da educación infantil, co obxectivo de proporcionarlles aos nenos e ás nenas as primeiras experiencias no seu uso oral. Así, este alumnado accede á educación primaria cunha certa experiencia e familiarización coa devandita lingua. Desde esta perspectiva, o currículo nesta etapa, se ben inicialmente dá prioridade ás actividades linguïsticas ou destrezas orais nos primeiros cursos, establece gradualmente a aprendizaxe doutras destrezas para o desenvolvemento dunha competencia comunicativa oral e escrita eficaz e contextualizada nos intereses, necesidades e preferencias, propios destas idades.

As vantaxes e oportunidades que nos ofrece a presente Lei de Educación, 2/2006, do 3 de maio (LOE), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), as exixencias e

necesidades cada vez máis pluriculturais da nosa sociedade, xunto coas directrices establecidas polo Consello de Europa no *Marco Común Europeo de Referencia para as linguas,* tivéronse en conta para a elaboración deste documento. Para o deseño desta programación tomáronse como referencia os "Criterios de Avaliación" rexidos polo Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, que se especifican e concretan nos estándares de aprendizaxe.

Esta programación da lingua estranxeira (Inglés) está pensada para o curso de 5º da Educación Primaria do CEIP Os Tilos no Concello de Teo, concretamente na urbanización do mesmo nome do centro. É unha zona semiurbana moi preto da cidade de Santiago de Compostela. O alumnado está dividido en dous grupos: A e B, formados por 23 e 24 alumnos/as respectivamente.

Entre as características do alumnado podemos sinalar que a maior parte dos nenos e nenas que acoden a este centro teñen un nivel socio cultural medio alto.

## 2. OBXECTIVOS DA ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Entendemos por obxectivos os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultados das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin. Os obxectivos a acadar polo alumnado nesta etapa son:

a. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
b. Desenvolver habitos de traballo inividual e de equipo, de esforzó e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si

mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
d. Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
e. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas linguas.
f. Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situación cotiás.
g. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operaciónns elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situación da súa vida cotiá.
h. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
i. Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
j. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
k. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
m. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relación coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestiónns de diversidade afectivo-sexual.
n. Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
o. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## 3. COMPETENCIAS CLAVE

Son as acapacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e atapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos. Son sete:

1. *Comunicación Lingüística (CCL)*.- Está vinculada á acción comunicativa dentro dunhas prácticas sociais, na que o individuo, ademáis de producir, tamén recibe mensaxes con distintas finalidades. Supón a apertura dunha vía de coñecemento e enriquecemento cultural e constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente.
2. *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)*.- A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir dinstintos fenómenos no seu contexto. As competencias clave en ciencia e tecnoloxía contribúen ao desenvolvemento do pensamento

cientofico e capacitan o individuo para identificar, formular e resolver situación da vida cotiá.

3. *Competencia dixital (CD)*.- Implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación; a adecuación aos cambios que introducen as novas tecnoloxías e a adquisición de novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente nun ámbito dixital.
4. *Aprender a aprender (CAA)*.- Supón iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito autónomo, aspecto fundamental para a aprendizaxe permanente.
5. *Competencias sociais e cívicas (CSC)*.- Implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade para comprender a realidade social do mundo en que se vive e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade cada vez máis plural.
6. *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)*.- Refírese á capacidade de transformar ideas en actos, e que implica adquirir conciencia dunha situación e optar con criterio propio. A adquisición deste competencia é determinante para a formación de futuros cidadáns emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.
7. *Conciencia e expresións culturais (CCEC)*.- Implica coñecer, apreciar, comprender e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de desfrute e enriquecemento persoal e consideralas parte do patrimonio cultural dos pobos.

## 4. BLOQUES CURRICULARES PARA A ÁREA DA PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS

**· Bloque: 1.- Comprensión de textos orais:** recolle diversos aspectos da comprensión oral. Nel abórdanse estratexias comunicativas

necesarias para comprender en contextos reais ou simulados e iniciar o camino cara á adquisición e posterior desenvolvemento das estratexias de comprensión oral da lingua estranxeira.

**· Bloque: 2.- Produción de textos orais:** aborda o desenvolvemento de habilidades de produción oral. A súa finalidade é dotar aos alumnos e ás alumnas de estratexias e destrezas comunicativas necesarias para interactuar en contextos reais ou simulados.

**· Bloque: 3.- Comprensión de textos escritos:** céntrase en aspectos da comprensión escrita. A adquisición das destrezas lectoras necesarias, a descodificación do texto e lectura funcional, desenvólvense progresivamente para que o alumnado poida adquirir os coñecementos e habilidades que lle permitan un dominio progresivo da comprensión da lingua escrita.

**· Bloque: 4.- Produción de textos escritos:** expresión e interacción expón o desenvolvemento e uso progresivo e autónomo da escritura, partindo do afianzamento da expresión oral.

**· Bloque: 5.- Coñecemento da lingua e consciencia intercultural:** enumera as función, nocións e elementos e estruturas lingüísticas que van posibilitar o uso reflexivo da lingua para comprender e interactuar en diferentes situacións de comunicación; así como elementos sociolingüísticos e culturais que condicionan as persoas falantes da lingua estranxeira e que informan doutras maneiras de ver, entender e apreciar o mundo.

Os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe están organizados dentro destes cinco grandes bloques.

## 5. TEMPORALIZACIÓN

Ao longo do curso desenvolveranse un total de seis unidades didácticas, repartidas en dúas unidades por trimestre. Ademáis, traballaranse os temas de Halloween, Bonfire Night, Christmas e Easter, así como outros temas transversais relacionados coa cultura dos paises de fala inglesa.

| **1º Trimestre** | | |
|---|---|---|
| **Unidades Didácticas** | **Data** | **Sesións** |
| Starter Unit: "At the Town Hall" | Setembro | 9 |
| Didactic Unit: 1.- "At Tara's House" | Outubro/Novembro | 14 |
| Culture: "Halloween" | Outubro | 2 |
| Didactic Unit: 2.- "A Trip to London" | Novembro/Decembro | 14 |
| Culture: "Bonfire Night" | Novembro | 1 |
| Culture: "Christmas" | Decembro | 2 |

| **2º Trimestre** | | |
|---|---|---|
| **Unidades Didácticas** | **Datas** | **Sesións** |
| Didactic Unit: 3.- "At the Castle" | Xaneiro/Febreiro | 15 |
| Didactic Unit: 4.- "At the College" | Febreiro/Marzo | 14 |
| Culture: "Easter" | Marzo | 2 |

| 3º Trimestre | | |
|---|---|---|
| **Unidades Didácticas** | **Data** | **Sesións** |
| Didactic Unit: 5.- “At the Arena” | Abril/Maio | 15 |
| Didactic Unit: 6.- “At the Beach” | Maio/Xuño | 15 |
| Culture: “Holidays” | Xuño | 2 |

## 6. CONCRECIÓN CURRICULAR

| 1º Trimestre |
|---|

**Bloque: 1.- Comprensión de textos orais**

| Obxectivos | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias Clave |
|---|---|---|---|---|
| ·B1.1.<br>-Usar o contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos para a formulación de hipótesis.<br>-Identificar a tipoloxía de textos emitidos en diferentes situacións de comunicación.<br>-Interpretar as ideas principais expresadas en mensaxes orais de progresiva complexidade.<br>-Repetir, memorizar de xeito comprensivo e observar modelos para a | ·B1.1. Estratexias de comprensión:<br>-Uso do contexto visual e non verbal e dos coñecementos previos para a formulación de hipótesis sobre o que se vai escoitar, sobre os temas relacionados coas descripcións físicas, as prendas de vestir e os alimentos, tansferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira.<br>-Identificación da tipoloxía de textos emitidos en diferentes | B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves, con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso moi frecuente e conectados cos propios intereses e coas propias | ·PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información máis importante de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá adecuados á súa idade, procedentes de medios audiovisuais ou da Internet. | CCL |
| | | experiencias do alumnado, articulados con claridade e transmitidos de viva voz ou por soportes multimedia que non distorsionen a mensaxe. | ·PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (xogos de ordenador, instrucións) sobre temas do seu interese, expresados con | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| adquisición de léxico, rutinas e expresións cotiás da lingua estranxeira.<br>-Identificar información específicas en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación.<br>-Seguir de forma verbal e non verbal mensaxes orais de progresiva complexidade.<br>-Desenvolver actitudes e estratexias de cooperación e respecto en situacións de aprendizaxe compartida.<br><br>·B1.2.<br>-Identificar de forma progresiva aspectos fonéticos, de ritmo, de entoación e acentuación básica da lingua estranxeira. | situación de comunicación (rima, canción, exposición, diálogo, descrición,…), adaptando a comprensión ao mesmo.<br>-Interpretación das ideas principais expresadas en mensaxes orais de progresiva complexidade, como instrucións ou explicacións e interaccións orais ou gravacións en soporte audiovisual e informático para extraer información global ou dalgún detalle concreto.<br>-Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos para a adquisición do léxico relativo ás descripcións físicas, as prendas de vestir e os alimentos, rutinas (data) e expresións cotiás da lingua estranxeira.<br>-Identificación de información específicos | ·B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral e a información máis importante do texto.<br><br>·B1.3. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa. | claridade e que conten con apoio visual en soporte papel ou dixital. | |
| | | | ·PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e de Internet. | CCL<br>CD<br>CAA |
| | | | ·PLEB1.4. Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper. | CCL<br>CSC |
| | | | ·PLEB1.5. Amosa interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | en textos orais variados emitidos en diferentes situación de comunicación.<br>-Seguimento verbal e non verbal de mensaxes orais de progresiva complexidade en situación comunicativas habituais dentro e fóra da aula.<br>-Desenvolvemento das actitudes e estratexias de cooperación e respecto en situación de aprendizaxe compartida que faciliten interaccións orais en grupo para a realización de tarefas na aula.<br><br>·B1.2. Patróns sonoros, rítmicos, de entoación e acentuación básica: identificación progresiva de aspectos fonéticos “/s/”, “/ʃ/”, “/p/” e “/b/”, do ritmo, da entoación e da acentuación básica da lingua estranxeira como aspectos fundamentais para a comprensión de | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | breves textos orais. | | | |

## Bloque: 2.- Produción de Textos Orais

| Obxectivos | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias Clave |
|---|---|---|---|---|
| ·B2.1.<br>-Concibir a mensaxe con claridade.<br>-Iniciarse na adecuación do texto á persoa destinataria.<br><br>-Expresarse oralmente en situación reais ou simuladas.<br>-Apoiarse nos coñecementos previos sobre o tema desde a lingua que coñece á lingua estranxeira.<br>-Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais.<br>-Recoñecer e usar léxico, formas e estruturas básicas orais | ·B2.1. Estratexias de produción:<br>-Planificación:<br>·Comprensión da mensaxe con claridade e practicala varias veces, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica.<br>·Iniciación na adecuación do texto á persoa destinataria, contexto e canle, aplicando a estrutura do discurso adecuados a cada caso.<br>-Execución:<br>·Expresión oral en situacións reais ou simuladas con progresiva autonomía, eficacia e complexidade das expresións | ·B2.1. Interactuar en situación reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases feitas de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or/then/but).<br>·B2.2. Participar de forma activa e cooperativa en situacións funcionáis de comunicación que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou temas do seu interese cunha | ·PLEB2.1. Participa de forma activa en situación reais ou simuladas de comunicación, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediate, cunha pronuncia e entoación comprensibles. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| coñecidas e propias da lingua estranxeira.<br>-Manter conversas cotiás e familiares sobre temas coñecidos en situaciónns de comunicación predicibles.<br>-Participar en interaccións orais en situación reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais.<br>-Producir textos orais cotiás de índole diversa tendo en conta elementos lingüísticos e extralingüísticos.<br>-Participar activamente en intercambios lingüísticos orais breves.<br><br>·B2.2.<br>-Usar de forma progresiva normas que regulan a interacción oral.<br>-Pronunciar de forma | utilizadas.<br>·Apoio nos coñecementos previos, sobre o tema ou a situación transferidos desde as linguas que coñece á lingua estranxeira, para participar activamente en situacións funcionais, previamente preparadas e ensaiadas, de comunicación adecuada á idade do alumnado e aos seus intereses.<br>·Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos non verbais (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).<br>-Recoñecemento e uso de léxico relativo ás descripcións físicas, prendas de vestir e os alimentos, formas e | pronuncia axeitada e empregando as convencións propias do proceso comunicativo.<br><br>·B2.3. Valorar a lingua estranxeira como instrumento de comunicación.<br><br>·B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario. | ·PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás habituais. | CSC |
| | | | ·PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. | CCL<br>CSC |
| | | | ·PLEB2.4. Produce textos propios, sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas, dramatizacións) utilizando distintos soportes multimedia. | CCL<br>CD<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| comprensible, ritmo, entoación e acentuación axeitadas na interacción e expresión oral, recitación, dramatización ou lectura en voz alta.<br>-Dominar de xeito progresivo de aspectos fonéticos básicos, de ritmo e entoación para producir textos orais breves. | estruturas básicas (“I’ve got/He’s got…, I’m/she’s wearing.., I like/love/don’t like/hate…he/she doesn’t like/likes…”) orais coñecidas e propias da lingua estranxeira, para a expresión de funcións previamente traballadas.<br>·Conversas cotiás e familiares sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.<br>·Participación en interaccións orais en situacións reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais que esixan elección entre un repertorio limitado de | | ·PLEB2.5. Recorda as ideas principais dun texto escoitado e fai un resumo breve sobre o mesmo. | CCL |
| | | | ·PLEB2.6. Manifesta interese e respecto polas opinións do seus compañeiros/as. | CCL<br>CSC |
| | | | ·PLEB2.7. Recoñece a diversidade lingüística da súa contorna como elemento enriquecedor. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | posibilidades, en contextos progresivamente menos dirixidos.<br>·Produción de textos orais cotiáns de índole diversa tendo en conta tanto elementos lingüísticos ("Thank you!, I think so!, Sorry!, How about…?, Yuk!") como extralingüísticos, dicindo ou lendo en voz alta para toda a clase textos breves de realización propia.<br>·Participación activa en intercambios lingüísticos orais breves, previamente traballados en grupo (Role-play:"Having dinner in a restaurant"; "Fashion Show"), para a expresión das necesidades de comunicación máis inmediatas.<br>·Emprego da lingua estranxeira en situacións variadas de comunicación. | | ·PLEB2.8. Comeza a utilizar correctamente e progresivamente aspectos fonéticos básicos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais comprensibles. | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ·B2.2. Patróns sonoros, rítmicos, de entoación e acentuación básica:<br>-Uso progresivo das normas que regulan a interacción oral.<br>-Pronuncia comprensible, ritmo, entoación e acentuación adecuados, tanto na interacción e expresión oral como na recitación, dramatización ou lectura en voz alta.<br>-Dominio progresivo de aspectos fonéticos básicos “/s/”, “/ʃ/”, “/p/” e “/b/”, de ritmo e entoación para a produción de textos breves orais, a través do xogo e da expresión oral e musical. | | | |

## Bloque: 3.- Comprensión de Textos Escritos

<table>
<tr><th>Obxectivos</th><th>Contidos</th><th>Criterios de Avaliación</th><th>Estándares de Aprendizaxe</th><th>Competencias Clave</th></tr>
<tr><td rowspan="3">·B3.1.<br>--Activar os coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema do texto.<br>-Identificar elementos icónicos e anticipar hipótesis sobre o contido de textos escritos.<br>-Deducir o significado de palabras e expresións non coñecidas de palabras clave do texto.<br>-Recoñecer textos breves.<br>-Recoñecer léxico, formas e estruturas breves escritas propias da lingua estranxeira.<br>-Captar a idea global e identificar elementos específicos en textos escritos.<br>-Ler de xeito menos guiado e comprender textos sinxelos.<br>-Usar progresivamente o diccionario bilingüe,</td><td rowspan="3">·B3.1. Estratexias de comprensión:<br>-Activación dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema do texto que se vai traballar e formulación de hipótesis sobre o seu contido e contexto.<br>-Identificar elementos icónicos, títulos e facer unha primeira anticipación e hipótese sobre o contido de textos escritos breves do seu interese e adaptados á súa idade (unha historia, conto, descricións,…).<br>-Deducir o significado de palabras e expresións non coñecidas de palabras clave do texto “I think so!, Yuk!,…”), relacionadas cos e coas personaxes e con contexto a través da linguaxe non verbal ou co</td><td rowspan="3">·B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e cun léxico cotián de interese para o alumnado e que conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.<br><br>·B3.2. Recoñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.<br>·B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.</td><td>·PLEB3.1. Comprende información básica escrita en notas, tendas e medios de transporte, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.</td><td>CCL</td></tr>
<tr><td>·PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo, con apoio visual, procedente dos medios de comunicación adaptados á súa competencia lingüística e acorde coa súa idade.</td><td>CCL<br>CD</td></tr>
<tr><td>·PLEB3.3. Emprega algunas estratexias básicas para a comprensión lectora.</td><td>CCL<br>CAA</td></tr>
</table>

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| biblioteca e as TIC.<br><br>·B3.2.<br>-Recoñecer os signos de puntuación elementais.<br>-Asociar grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos. | apoio de ilustracións (big flashcards).<br>-Recoñecer textos breves, propios ou alleos de situación cotiás próximas á súa experiencia como: notas e carteis.<br>-Recoñecer o léxico relativo aos temas das descripcións físicas, prendas de vestir e os alimentos, formas estruturas breves escritas (“I’ve got.., I’m wearing..”, I like/don’t like/hate/love…”) propias da lingua estranxeira, para expresar función previamente utilizadas.<br>-Captación da idea global e identificación de elementos específicos en textos escritos en situación cotiás próximas á experiencia, con axuda de elementos lingüísiticos e non lingüísticos do contexto. | ·B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (punto e coma), así como os símbolos frecuentes. | ·PLEB3.4. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca da aula para a súa lectura autónoma, acordes á súa idade e intereses e respectando as súas normas de funcionamento. | CCL<br>CSIEE |
| | | | ·PEB3.5. Formula hipótesis sinxelas a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan e compróbaas. | CCL<br>CAA<br>CSIEE |
| | | | · PLEB3.6. Valora a lingua escrita como medio de comunicación. | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | -Lectura menos guiada e comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, non desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura.<br>-Usar progresivamente o diccionario bilingüe (na aula), biblioteca de aula e as tecnoloxías da información e comunicación para ler (webs infantís e xuvenís e programas multimedia).<br><br>·B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:<br>-Recoñecemento dos signos de puntuación elementais. | | ·PLEB3.7. Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. | CCL<br>CSIEE |
| | | | ·PLEB3.8. Amosa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | -Asociación da grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento dalgunhas irregularidades específicas propias da lingua estranxeira. | | | |

## Bloque: 4.- Produción de Textos Escritos

| Obxectivos | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias Clave |
|---|---|---|---|---|
| ·B4.1.<br>-Seleccionar o tipo de texto que se vai producir.<br>-Usar, de forma progresivamente autónoma, estratexias básicas de produción de textos.<br>-Usar progresivamente o diccionario bilingüe e outros materiais de consulta.<br><br>-Producir a mensaxe escrita con claridade.<br>-Compensar as carencias léxicas mediante o uso de diversos soportes materiais.<br>-Apoiarse nas palabras e freses coñecidas previamente en interaccións orais de lectura. | ·B4.1. Estratexias de produción:<br>-Planificación:<br>·Selección do tipo de texto que se vai producir: conto, dramatización,…<br>-Uso, de forma progresivamente autónoma, estratexias básicas de produción de textos relacionados coas descricións físicas e as formas de vestir e os gustos e preferencias polas comidas (a quén vai dirixido, qué se quere dicir e como se vai organizar a información), así como a elaboración pautada dun borrador sobre a elaboración dunha receita e a revisión do texto para a súa corrección.<br>-Uso progresivo do | B4.1. Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situación familiares e predicibles.<br><br>·B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a producción de textos escritos.<br><br>·B4.3. Usar ferramentas informáticas para completar actividades | ·PLEB4.1. Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral. | CCL |
| | | | ·PLEB4.2. Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| -Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema.<br>-Elaborar información en cadernos breves escritos.<br>-Reproducir a forma gráfica de certas palabras en situacións comunicativas.<br>-Utilizar a lingua estranxeira en mensaxes escritas como recordatorio visual.<br><br>·B4.2.<br>-Usar signos de puntuación elementais.<br>-Asociar grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos. | dicionario bilingüe (na aula) e outros materiais de consulta en soporte papel ou dixital adecuados á idade do alumnado.<br>-Execución:<br>·Produción da mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas, atendendo á persoa destinataria, ao tipo de texto e á finalidade, tanto en soporte papel como dixital.<br>·Compensación das carencias léxicas mediante o uso do dicionario visual e bilingüe, biblioteca de aula e materiais dixitais para a reprodución de mensaxes escritas sinxelas.<br>·Apoio nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura. | preelaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentación e transmitir información.<br><br>·B4.4. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable. | ·PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situación de relación interpersonal (invitacións, notas, avisos). | CCL |
| | | | ·PLEB4.4. Amosa interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentación e transmitir información escrita. | CCL<br>CD<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ·Selección e emprego do léxico adecuado aos temas das descricións físicas e as prendas de vestir e aos alimentos e usar algún recurso cohesivo ("and, but, or") para non repetir palabras.<br>·Elaboración de información en cadernos de traballo, breves escritos afíns aos seus intereses e experiencias, cunha intención comunicativa.<br>·Reprodución da forma gráfica de certas palabras en situacións comunicativas sen modelos dados, a través de hipótesis ou tratando de recordar a súa forma.<br>·Uso da lingua estranxeira | | ·PLEB4.5. Produce mensaxes escritas breves: notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics ou descricións de lugares, gustos ou afeccións. | CAA<br>CSIEE |
| | | | ·PLEB4.6. Produce textos escritos significativos en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal ou simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata,…). | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | en mensaxes escritas como recordatorio visual e para a aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos da aula, calendario,…). | | ·PLEB4.7. Uso do diccionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos. | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ·B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:<br>-Uso dos signos de puntuación elementais (interrogación, exclamación).<br>-Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de realacións analíticas grafía-son, coñecementos dalgunhas irregularidades específicas propias da lingua estranxeira. | | ·PLEB4.8. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas, etc. | CCL |
| | | | ·PLEB4.9. Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situación variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica. | CCL |

## Bloque: 5.- Coñecemento da Lingua e Consciencia Intercultural

| Obxectivos | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias Clave |
|---|---|---|---|---|
| ·B5.1.<br>-Respectar as persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>-Coñecer similitudes e diferenzas nos costumes cotiás e usar as formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>-Amosar unha actitude positiva sobre a propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira.<br>-Establecer contactos e comunicarse con falantes da lingua estranxeira.<br>-Amosar unha actitude positiva cara a realidade plurilingüe e multicultural da súa contorna. | ·B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>-Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>-Coñecemento dalgunhas similitudes e diferenzas nos costumes cotiáns (horarios, uniformes,…) e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>-Actitude positiva sobre a propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e disposición para superar as dificultades de | ·B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral e escrito.<br><br>·B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura.<br><br>·B5.3. Amosar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situación de aprendizaxe en grupo.<br><br>·B5.4. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situación reais ou | ·PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades,…) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | | | ·PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura. | CCL<br>CSC |
| | | | ·PLEB5.3. Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ·B5.2.<br>-Establecer relacións sociais.<br>-Preguntar e repostar, describir e expresarse en diversas función comunicativas.<br><br>·B5.3.<br>-Saudar, despedirse, agradecer.<br>-Preguntar, respostar, describirse e expresar sorpresa empregando diversas estruturas sintáctico-discursivas.<br><br>·B5.4.<br>-Producir léxico de lata frecuencia relativo a diversos centros de interese. | aprendizaxe.<br>-Interese por establecer contactos e comunicarse con falantes da lingua estranxeira ou doutras linguas a través dos medios que nos proporcionan as tecnoloxías da comunicación.<br>-Actitude positiva cara a realidade plurilingüe e multicultural da súa contorna.<br><br>·B5.2. Funcións comunicativas:<br>-Establecemento de relación sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.<br>-Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais.<br>-Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a procedencia e nacionalidade dun | simuladas en contextos menos dirixidos.<br><br>·B5.5. Obter e dar información persoal máis detallada, apariencia física, afeccións,… en situación comunicativas habituais dentro e fóra da aula.<br><br>·B5.6. Expresarse en tempo presente e pasado simple, afirmativa e negativa, 1ª e 3ª persoa,…<br><br>·B5.7. Expresar nocións básicas relativas a acción cotiás, de lecer,…<br><br>·B5.8. Expresar e identificar a existencia de seres vivos ou obxectos.<br><br>·B5.9. Describirse físicamente, achegando información complementaria, a si mesmo/a ou a outra | | |
| | | | ·PLEB5.4. Inicia e remata as interaccións adecuadamente. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | | | ·PLEB5.5. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | | | ·PLEB5.6. Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación,… | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | mesmo/a e doutra persoa.<br>-Descrición de si mesmo/a.<br>-Realización de preguntas sobre a existencia de algo.<br>-Expresión de posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa en afirmativa e negativa.<br>-Expresión de información en afirmativa e negativa e formulación das correspondentes preguntas.<br>-Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico, a hora, a data, etc.<br>-Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias.<br>-Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta.<br>-Descrición de persoas e animais.<br>-Preguntas e respostas sobre petición e | persoa.<br><br>·B5.10. Expresar e comprender indicacións e ordes.<br><br>·B5.11. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as función comunicativas propias do seu nivel.<br>·B5.12. Utilizar as estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p.e. enlazar frases sinxelas con conectores (and, or, then, but), pero adecuándoas aos propósitos comunicativos.<br><br>·B5.13. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.<br><br>·B5.14. Mostrar un control dun conxunto de | ·PLEB5.7. Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer,… | CCL<br>CAA |
| | | | ·PLEB5.8. Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras. | CCL<br>CAA |
| | | | ·PLEB5.9. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións,… de si mesmo/a e doutra persoa. | CCL<br>CAA |
| | | | ·PLEB5.10. Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula. | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | ofrecemento de axuda.<br><br>·B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:<br>-Saúdos, agradecementos, despedidas ("Hi, See you, How are you?, I'm fine, thanks,…").<br>-Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, estado de ánimo, comida favorita… ("What's your name?, My name is, How old are you?, I'm…, I'm (bored), What's your name?, My name is, How old are you?, I'm…, I'm (bored), What's your favourite (sport)?, My favourite (sport) is…, What's his/her favourite (subject)?His/her favourite (subject) is…, When is your birthday?, My birthday is on (August 2nd,…"). | estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.<br><br>·B5.15. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situación comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.<br><br>·B5.16. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situación cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.<br><br>·B5.17. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de | ·PLEB5.11. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información. | CCL |
| | | | ·PLEB5.12. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | -Expresión de sorpresa, agrado,… (“What fun!, How nice!”).<br>-Preguntas e respostas sinxelas sobre a procedencia e nacionalidade dun mesmo/a e doutra persoa (“Where are you from?, I’m from…, Are you from…?, Yes, I am/No, I’m not, Is he/she from…?, Yes, he/she is/No, he/she isn’t, Are you (Portuguese)?, Yes, I am/No, I’m not”).<br>-Expresión de posesión en primeira e terceira persoa e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa.<br>-Descrición dun mesmo/a (“I’ve got (blue eyes) and | producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividades,…).<br><br>·B5.18. Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos. | ·PLEB5.13. Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para ddsenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula. | CCL<br>CAA |
| | | | ·PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar necesario para<br>participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente | CCL<br>CAA |
| | | | ·PLEB5.15. Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula o una súa contorna máis próxima. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | (dark hair), I'm (a nurse)").<br>-Expresión de instruccións habituais e indicacións de doreccións, en afirmativa e negativa ("Fold (the | | ·PLEB5.16. Valora as linguas como instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | paper), turn (on the left)").<br>-Preguntas e respostas sobre os días da semana, os meses, o tempo atmosférico, as horas e as datas ("What date is ot today?,…").<br>-Expresión de cantidade: contar desde 1 a 1000, e 1st,…<br>-Preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade de persoas ("How many… are there?").<br>-Preguntas e respostas sobre o gusto en primeira persoa ("Do you like (cheese)?, Yes, I do/No, I don't").<br>-Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa ("I like (salad), I don't like (chips)").<br>-Preguntas e respostas sobre a vestimenta | | ·PLEB5.17. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr una competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | (“What’s he/she wearing?, Who’s wearing (shoes)?”).<br>-Preguntas e respostas sobre petición e axuda (“Can I have (pasta), please?”).<br><br>·B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción) relativo a posesións persoais, cores, números cardinais ata o 1000 e ordianis ata dous díxitos, preposicións, días da semana, roupa, materiais escolares, a hora, roupa, adxectivos para describir persoas, comida, estado e sentimanetos, tempo atmosférico,meses, estacións do ano, acción, membros da familia, partes do corpo e da cara. | | | |

**2º Trimestre**

## Bloque: 1.- Comprensión de textos orais

| Obxectivos | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias Clave |
|---|---|---|---|---|
| -Usar progresivamente o diccionario bilingüe, biblioteca e as TIC. | personaxes e con contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións (big flashcards).<br>-Recoñecer textos breves, propios ou alleos de situacións cotiás próximas á súa experiencia como: notas e carteis.<br>-Recoñecer o léxico relativo aos temas de descrición de lugares, preferencias de xoguetes e animais e acción pasadas, formas, estruturas breves escritas (“My favourite…was…”, “How was…?”) propias da lingua estranxeira, para expresar funcións previamente utilizadas.<br>-Captación da idea global e identificación de elementos específicos en textos escritos en situacións cotiás próximas á experiencia, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.<br>-Lectura menos guiada e | que expresen pausas, exclamacións e interrogacións.<br><br>·B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (punto e coma), así como os símbolos frecuentes. | ·PLEB3.4. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca da aula para a súa lectura autónoma, acordes á súa idade e intereses e respectando as súas normas de funcionamento. | CCL<br>CSIEE |
| | | | ·PLEB3.5. Formula hipótesis sinxelas a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan e compróbaas. | CCL<br>CAA<br>CSIEE |
| | | | ·PLEB3.6. Valor a lingua escrita como medio de comunicación. | CCL<br>CAA |
| | | | ·PLEB3.7. Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. | CCL<br>CSIEE |
| | | | ·PLEB3.8. Amosa interese pola corrección, ortografía básica, puntuación e presentación dos textos escritos. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica, no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura.<br>-Usar progresivamente o diccionario bilingüe (na aula), biblioteca de aula e as tecnoloxías da información e comunicación para ler (webs infantís e xuvenís e programas multimedia).<br><br>·B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:<br>-Recoñecemento dos signos de puntuación elementais.<br>-Asociación da grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | dalgunhas irregularidades específicas propias da lingua estranxeira. | | | |

## Bloque: 4.- Produción de Textos Escritos

| Obxectivos | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias Clave |
|---|---|---|---|---|
| ·B4.1.<br>-Seleccionar o tipo de texto que se vai producir.<br>-Usar, de forma progresivamente autónoma, estratexias básicas de produción de textos.<br>-Usar progresivamente o diccionario bilingüe e outros materiais de consulta.<br><br>-Producir a mensaxe escrita con claridade.<br>-Compensar as carencias léxicas mediante o uso de diversos soportes materiais.<br>-Apoiarse nas palabras e freses coñecidas previamente en interaccións orais de lectura.<br>-Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema. | ·B4.1. Estratexias de produción:<br>-Planificación:<br>·Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: conto, dramatización,…<br>-Usar, de forma progresivamente autónoma, estratexias básicas de produción de textos relacionados coas descricións de lugares, preferencias de xoguetes e animais (a quén vai dirixido, qué se quere dicir e como se vai organizar a información), así como a elaboración pautada dun borrador sobre acción pasadas e a revisión do texto para a súa corrección.<br>-Usar progresivamente o diccionario bilingüe (na aula) e outros materiais de consulta en soporte papel | ·B4.1. Elaborar textos sinxelos propios, compostos de frases illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.<br><br>·B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a producción de textos escritos.<br><br>·B4.3. Usar ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente, realizar sinxelas presentación e | ·PLEB4.1. Elabora textos sinxelos relacionados con temas da súa vida cotiá, experiencias e actividades na aula, traballados previamente de forma oral. | CCL |
| | | | ·PLEB4.2. Escribe diálogos simples, a partir de modelos, respectando a estrutura gramatical coñecida e as normas ortográficas básicas. | CCL |
| | | | ·PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación personal (invitacións, notas, avisos). | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| -Elaborar información en cadernos breves escritos.<br>-Reproducir a forma gráfica de certas palabras en situacións comunicativas.<br>-Utilizar a lingua estranxeira en mensaxes escritas como recordatorio visual.<br><br>·B4.2.<br>-Usar signos de puntuación elementais.<br>-Asociar grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos. | ou dixital adecuados á idade do alumnado.<br>-Execución:<br>·Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas, atendendo á persoa destinataria, ao tipo de texto e á finalidade, tanto en soporte papel como dixital.<br>·Compensar as carencias léxicas mediante o uso do diccionario visual e bilingüe, biblioteca de aula e materiais dixitais para | transmitir información.<br><br>·B4.4. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza oralmente ao falar, cunha ortografía aceptable. | ·PLEB4.4. Amosa interese polo uso guiado das TIC para producir textos e presentación e transmitir información escrita. | CCL<br>CD<br>CSC |
| | | | ·PLEB4.5. Produce mensaxes escritas breves (notas e avisos, instrucións ou normas, cartas, felicitacións, carteis, folletos, cómics ou descricións de lugares, gustos ou afeccións). | CAA<br>CSIEE |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | reproducir mensaxes escritas sinxelas.<br>·Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura.<br>·Seleccionar e empregar o léxico adecuado aos temas da descricións de lugares, preferencias de xoguetes e animais e acción pasadas e usar algún recurso cohesivo (“and”, “but”, “or”) para non repetir palabras.<br>·Elaborar información en cadernos de traballo, breves escritos afíns saos seus intereses e experiencias, cunha intención comunicativa.<br>·Reproducir a forma gráfica de certas palabras en situación comunicativas sen modelos dados, a través de hipótesis ou tratando | | ·PLEB4.6. Produce textos escritos significativos, en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado (elaboración dunha enquisa, SMS, correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata,…). | CCL<br>CAA |
| | | | diccionario bilingüe e doutros materiais de consulta para a elaboración de textos. | CCL<br>CAA |
| | | | ·PLEB4.8. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclcinación de liñas, etc. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | de recordar a súa forma.<br>·Utilizar a lingua estranxeira en mensaxes escritas como recordatorio visual e para a aprendizaxe de novas palabras e expresións (carteis para identificar os obxectos da aula, calendario,…).<br><br>·B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación elementais:<br>-Uso dos signos de puntuación elementais (interrogación, exclamación).<br>-Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de realacións analíticas grafía-son, coñecementos dalgunhas irregularidades específicas propias da lingua estranxeira. | | ·PLEB4.9. Utiliza a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situación variadas atendendo á súa corrección ortográfica básica. | CCL |

## Bloque: 5.- Coñecemento da Lingua Estranxeira e Consciencia Intercultural

| Obxectivos | Contidos | Criterios de Avaliación | Estándares de Aprendizaxe | Competencias Clave |
|---|---|---|---|---|
| ·B5.1.<br>-Respectar as persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>-Coñecer similitudes e diferenzas nos costumes cotiás e usar as formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>-Amosar unha actitude positiva sobre a propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira.<br>-Establecer contactos e comunicarse con falantes da lingua estranxeira.<br>-Amosar unha actitude positiva cara a realidade plurilingüe e multicultural da súa contorna.<br><br>·B5.2. | ·B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>-Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, países e comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>-Coñecemento dalgunhas similitudes e diferenzas nos costumes cotiáns (horarios, uniformes,…) e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>-Actitude positiva sobre a propia capacidade para aprender unha lingua estranxeira e disposición para superar as dificultades de aprendizaxe. | ·B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes, a unha comprensión adecuada do texto oral he escrito. | ·PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, festividades,…) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | | ·B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura. | ·PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura. | CCL<br>CSC |
| | | ·B5.3. Amosar interese en participar en actividades individuais, así como respecto e cooperación nas situación de aprendizaxe en grupo. | ·PLEB5.3. Participa en actividades de aprendizaxe individuais e colectivas, respecta as ideas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo. | CCL<br>CSC |
| | | ·B5.4. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situaciónns reais ou simuladas en contextos | ·PLEB5.4. Inicia e remata as interaccións adecuadamente. | CCL<br>CAA<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| -Establecer relacións sociais.<br>-Preguntar e repostar, describir e expresarse en diversas función comunicativas.<br><br>·B5.3.<br>-Saudar, despedirse, agradecer.<br>-Preguntar, respostar, describirse e expresar sorpresa empregando diversas estruturas sintáctico-discursivas.<br><br>·B5.4.<br>-Producir léxico de lata frecuencia relativo a diversos centros de interese. | -Interese por establecer contactos e comunicarse con falantes da lingua estranxeira ou doutras linguas a través dos medios que nos proporcionan as tecnoloxías da comunicación.<br>-Actitude positiva cara a realidade plurilingüe e multicultural da súa contorna.<br><br>·B5.2. Funcións comunicativas:<br>-Establecemento de relación sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.<br>-Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e das demais.<br>-Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre | menos dirixidos.<br><br>·B5.5. Obter e dar información persoal máis detallada, apariencia física, afeccións,… en situación comunicativas habituais dentro e fóra da aula.<br>·B5.6. Expresarse en tempo presente e pasado simple, afirmativa e negativa, 1ª e 3ª persoa,…<br><br>·B5.7. Expresar nocións básicas relativas a acción cotiás, de lecer,…<br><br>·B5.8. Expresar e identificar a existencia de seres vivos ou obxectos.<br><br>·B5.9. Describirse físicamente, achegando información complementaria, a si | ·PLEB5.5. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe en distintos contextos. | CCL<br>CAA<br>CSC |
| | | | ·PLEB5.6. Identifica en textos simples: as formas de presente e pasado simple, a afirmación e a negación,… | CCL |
| | | | ·PLEB5.7. Expresa, identifica e distingue actividades variadas de rutina, lecer,… | CCL<br>CAA |
| | | | ·PLEB5.8. Describe unha escena sinxela dicindo o que hai nela, compara dúas ilustracións e identifica as diferenzas, entre outras. | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | a procedencia e nacionalidade dun mesmo/a e doutra persoa.<br>- Realización de preguntas e respostas curtas en tempo presente e pasado.<br>-Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de accións cotiás do pasado.<br>-Realización de preguntas e respostas sinxelas en primeira e terceira persoa de singular, para describir acción que se realizan no mesmo instante no que un fala.<br>-Realización de preguntas sobre a existencia de algo.<br>-Expresión de posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa en afirmativa e negativa.<br>-Expresión de información en afirmativa e negativa e | mesmo/a ou a outra persoa.<br><br>·B5.10. Expresar e comprender indicacións e ordes.<br><br>·B5.11. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as función comunicativas propias do seu nivel.<br><br>·B5.12. Utilizar as estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p.e. enlazar frases sinxelas con conectores (and, or, then, but), pero adecuándoas aos propósitos comunicativos.<br><br>·B5.13. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus | ·PLEB5.9. Describe con máis detalle o seu aspecto físico, gustos, afeccións,… de si mesmo/a e doutra persoa. | CCL<br>CAA |
| | | | ·PLEB5.10. Expresa e distingue as indicacións para chegar a un lugar, así como as instrucións dentro e fóra da aula. | CCL<br>CAA |
| | | | ·PLEB5.11. Diferenza preguntas e respotas moi simples, así como as que achegan información. | CCL |
| | | | ·PLEB5.12. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e persoa, e usa correctamente os nexos básicos. | CCL |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | formulación das correspondentes preguntas.<br>-Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico, a hora, a data, etc.<br>-Descrición de persoas e animais.<br>-Preguntas e respostas sobre petición e ofrecemento de axuda.<br><br>·B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:<br>-Saúdos, agradecementos, despedidas (“Hi, See you, How are you?, I’m fine, thanks,…”).<br>-Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, estado de ánimo, comida favorita… (“What’s your name?, My name is, How old are you?, I’m…, I’m (bored), What’s your favourite (sport)?, My favourite (sport) is…, | significados asociados.<br><br>·B5.14. Mostrar un control dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oración e frases dentro dun repertorio memorizado.<br><br>·B5.15. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situación comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela.<br><br>·B5.16. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situación cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.<br><br>·B5.17. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais | ·PLEB5.13. Memoriza rutinas lingüísticas coñecidas para desenvolverse nas interaccións dentro e fóra da aula. | CCL<br>CAA |
| | | | ·PLEB5.14. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións da aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. | CCL<br>CAA |
| | | | ·PLEB5.15. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. | CCL<br>CAA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | What's his/her favourite (subject)?His/her favourite (subject) is…, When is your birthday?, My birthday is on (August 2nd,…").<br>-Expresión de sorpresa, agrado,… ("What fun!, How nice!").<br>-Preguntas e respostas sinxelas sobre a procedencia e nacionalidade dun mesmo/a e doutra persoa ("Where are you from?, I'm from…, Are you from…?, Yes, I am/No, I'm not, Is he/she from…?, Yes, he/she is/No, he/she isn't, Are you (Portuguese)?, Yes, I am/No, I'm not").<br>-Preguntas e respostas curtas en tempo presente e pasado ("Are you…?, -yes, I am/No, I'm not, Is | ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividades,…).<br><br>·B5.18. Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos. | ·PLEB5.16. Establece similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula o una súa contorna máis próxima. | CCL<br>CSC |
| | | | ·PLEB5.17. Valorar as linguas como instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas. | CCL<br>CSC |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | he/she…?, yes, he/she is/No, he/she isn't, Were you…?, Yes, I was/No, I wasn't, Was he/she…?, Yes, he/she was/No, he/she wasn't").<br>-Expresión de posesión en primeira e terceira persoa e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa.<br>-Descrición, en primeira persoa en afirmativa e negativa, de acción cotiás no pasado ("I (played) computer games yesterday, I didn't play…").<br>-Expresión de instruccións habituais e indicacións de doreccións, en afirmativa e negativa ("Fold (the paper), turn (on the left)").<br>-Preguntas e respostas sobre os días da semana, os meses, o tempo atmosférico, as horas e as datas ("What date is ot today?,…").<br>-Expresión de cantidade: contar desde 1 a 1000, e | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1st,…<br>-Preguntas e respostas sobre petición e axuda (“Can I have (pasta), please?”).<br><br>·B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción) relativo a posesións persoais, cores, números cardinais ata o 1000 e ordinais ata dous díxitos, preposicións, días da semana, materiais escolares, a hora, comida, estado e sentimanetos, tempo atmosférico,meses, estacións do ano, acción pasadas e animais. | | | |

## 7. REVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN EN ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL

No caso dun posible confinamento, o traballo levarase a cabo a través da plataforma EDIXGAL da materia. Nela traballarase en tempo real co alumnado a través de videoconferencias explicativas e como práctica da expresión oral. As actividades para traballar as destrezas de comprensión e expresión escrita colgaranse en modo de fichas interactivas con exercicios sinxelos que versarán sobre os contidos a traballar na unidade. A destreza de comprensión oral traballarase a través de videos interactivos que se colgarán no EDIXGAL.

Asemesmo, a canle de comunicación coas familias levarase a cabo a través do sistema de mensaxería da Aula Virtual do centro, do correo corporativo persoal e por vía telefónica.

A comunicación co alumnado será diaria a través do sistema de mensaxería da Aula Virtual, co que se garantirá o seguimento continuo do curso polo alumnado.

Por outra banda, o alumnado que, por motivos familiares, non conte cos recursos e medios necesarios para poder seguir o curso a distancia, proveeráselle o material de traballo dende o centro en formato papel e farase un seguimento e resolución de dúbidas por vía telefónica.

## 8.AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Os criterios de cualificación serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas, os obxectivos e os estándares de aprendizaxe.

Para proceder á avaliación dos estándares de aprendizaxe da área establecemos uns procedementos e instrumentos de avaliación que a continuación se detallan.

Os distintos estándares de aprendizaxe repartiranse en unidades didácticas de cada un dos trimestres. A avaliación será continua, e en cada trimestre realizarranse dúas probas específicas escritas. Ao finalizar o trimestre teranse en conta as distintas probas escritas realizadas e os outros procedementos de avaliación aplicados, tendo en conta os criterios de cualificación establecidos.

### 8.1.Procedementos e instrumentos de Avaliación

| Instrumentos de Avaliación | Porcentaxe | Observacións |
|---|---|---|
| Probas Escritas | 30%<br>·Listening > 10%<br>·Reading >10%<br>·Writing > 10% | Probas de comprensión oral e comprensión e produción escritas (vocabulario e gramática) |
| Probas Orais | 20% | Representación oral, por parellas, de simulacións propias da vida cotiá previamente traballadas na aula. |
| Participación Oral | 20% | Participación activa en interaccións de aula e no uso da lingua estranxeira relacionado co vocabulario diario usado na aula |
| Libro de actividades e caderno de aula | 20%<br>·Activity Book > 10%<br>·Notebook > 10% | Traballo de comprensión e expresión escrita, presentación e correcta corrección das actividades. |
| Atención, Esforzo e Interese | 10% | Valorarase o traballo, interese e esforzo diario na clase, así como a atitude positiva e a participación activa cara a lingua estranxeira. |

(*) Valorarase positivamente a realización e entrega de tarefas propostas para cada unidade didáctica no EDIXGAL.

### 8.2. Avaliación Inicial

A finalidade da avaliación inicial é coñecer e valorar os coñecementos previos do alumnado.

A comprensión e valoración dos coñecementos previos dos alumnos/as facilita a planificación das aprendizaxes a desenvolver ao longo do todo o curso.

A avaliación inicial axúdanos a:

- ➢ Detectar as características que unha aula ou a maioría dos seus alum-nos/as teñen ao comezo dun novo curso.

- ➢ Coñecer que alumnos/as teñen dificultades de aprendizaxe desde o inicio de curso ou presentan algún tipo de carencia para posteriormente realizar un plan de traballo con este alumnado.

A avaliación inicial realizarase no primeiro mes de cada curso e como máis tarde na primeira semana do mes de outubro. Esta avaliación servirá de referencia para o desenvolvemento do currículo.

Como consecuencia do resultado desta avaliación adoptaranse as medidas pertinentes de apoio, reforzo e/ou recuperación para o alumnado que o precise ou de adaptación curricular para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

As probas de avaliación inicial partirán das competencias acadadas e obxectivos e contidos mínimos que o alumno/a adquiriu ao rematar ao curso anterior. Este curso en concreto, servirán para coñecer en qué parte do currículo quedou sen traballar debido ao confinamento pola situación da COVID-19.

A avaliación inicial realizarase mediante procedementos tales como:

- ➢ Intercambios orais co alumnado.
- ➢ Simulación de situacións, debates,...
- ➢ Probas escritas e orais.

➢ Intercambio de información co equipo docente do curso anterior.

### 8.3.Criterios de Cualificación

Os instrumentos de avaliación utilizados corresponden aos cuantificadores medibles e observables que se utilizarán para avaliar os estándares de aprendizaxe de cada unha das Unidades Didácticas (probas escritas, rúbricas, proxectos de aula, observación directa,…). Para superar cada unha das Unidades Didácticas, o/a alumno/a deberá acadar, alomenos o 50% do total (un mínimo de 5 puntos).

A nota final de cada trimestre será a nota media das Unidades Didácticas desenvolvidas nese trimestre. O alumnado terá superado o trimestre se ten aprobado o 50% do valor dos estándares avaliados durante o trimestre.

A relación entre a nota numérica e a cualificación será a seguinte:

| **Cualificación** | **Valor Numérico** |
|---|---|
| INSUFICIENTE | Inferior a 5 puntos |
| SUFICIENTE | De 5 puntos a menos de 6 puntos |
| BEN | De 6 puntos a menos de 7 puntos |
| NOTABLE | De 7 puntos a menos de 9 puntos |
| SOBRESAÍNTE | De 9 a 10 puntos |

Non se superará a área no trimestre se o alumno/a obtén unha nota inferior a 5 puntos.

### 8.4.Criterios de Promoción

Para superar o curso, o alumnado deberá ser capaz de comprender mensaxes orais, producir mensaxes orais sinxelas e coñecer o vocabulario do curso. Do mesmo xeito, os/as alumnos/as deberán ser capaces de comprender e producir mensaxes escritas sinxelas, que estarán adaptadas ao seu nivel e centradas nos seus intereses e uso cotiá.

Valorarase o uso diario da linguaxe de aula na lingua estranxeira (saudar, despedirse, agradecer, pedir información,…).

Para promocionar de forma satisfactoria o curso, terase en conta a nota acadada polo/a alumno/a en cada un dos trimestres, buscando unha nota media

entre eles e valorando a progresión ao longo do curso, dado que nesta área a avaliación é continua.

Tamén se terá moi en conta a acitude positiva do alumnado cara a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, así como o seu esforzo e traballo persoal e diario.

**9.MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

As actividades de reforzo e ampliación permiten darlles unha atención individualizada aos alumnos, segundo as súas necesidades e o seu ritmo de aprendizaxe, xa que as necesidades de cada alumno son diferentes.

Co fin de garantir a equidade**,** a Lei de Educación aborda os grupos de alumnos e de alumnas que requiren unha atención educativa diferente á ordinaria por presentar algunha necesidade específica de apoio educativo e, así mesmo, establece os recursos precisos para acometer esta tarefa co obxectivo de lograr a súa plena inclusión e integración.

Polo tanto, haberá actividades de reforzo para aqueles nenos que presenten dificultades de comprensión, producción e adquisición dos contidos, como outras para aqueles que precisen seguir avanzando porque o seu ritmo de aprendizaxe é superior aos contidos mínimos esixibles do currículo. Para iso contamos cun recuncho onde os nenos teñen fichas de traballo para seguir ampliando e poñendo en práctica os seus coñecementos.

***Criterios e procedementos previstos para realizar as adaptacións curriculares apropiadas para os alumnos con necesidades educativas especiais***

As adaptacións centrásense en:

1. Tempo e ritmo de aprendizaxe.
2. Metodoloxía máis personalizada.
3. Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
4. Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
5. Aumentar a atención orientadora.

a) ***Para os alumnos de altas capacidades***, facilitaranse contidos e material de ampliación.

b) ***Para os alumnos con dificultades de aprendizaxe graves***, priorizaranse os contidos de procedementos e actitudes, buscando a integración social, ante a imposibilidade de lograr un progreso suficiente en contidos conceptuais. Estas adaptacións serán significativas (suporán eliminación de contidos, obxectivos e os consecuentes criterios de avaliación referidos a aprendizaxes que poden considerarse básicas ou nucleares). Cando as adaptacións non fosen suficientes o alumno ou alumna podería deixar de cursar parte do tronco común da etapa e empregar este tempo noutro tipo de actividades educativas: actividades deseñadas especialmente para el/ela, que se poderían cursar dentro ou fóra da aula. Este/a alumno/a seguiría tendo en todo momento como referencia os obxectivos xerais da etapa, pero accedería a eles a través doutro tipo de contidos e actividades.

## 10. ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE:

A organización das actividades de seguimento, reforzo e recuperación, na área de inglés, variarán en función das necesidades do alumnado.
Entre as accións a levar a cabo destacamos as seguintes:

- ➢ Traballar de forma coordinada co titor/a
- ➢ Colaborar co titor/a na orientación aos pais con vistas a conseguir mellores resultados.
- ➢ Elaboración de materiais didácticos de acordo ás necesidades de reforzo e recuperación.
- ➢ Atención individualizada ou en pequeno grupo ao alumnado en diferentes momentos do horario lectivo.
- ➢ Atención na aula ordinaria mediante actividades adaptadas ás necesidades do alumnado.
- ➢ Alumnos/as axudantes.

O proceso a levar a cabo sería:

- ➢ Determinar o nivel de partida de cada alumno/a.

- ➢ Marcar obxectivos e programar actividades personalizadas.
- ➢ Avaliación continua co titor/a

## 11.CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A área da Lingua Estranxeira debe introducir aos alumnos na aprendizaxe do inglés como o adestramento para o uso activo do Inglés; para comunicarse no mundo real coa lingua que aprenderon. Asemesmo, debe introducir aos alumnos na aprendizaxe do inglés centrada na comprensión e producción de textos en contextos familiares para os alumnos desta idade, aproveitando os coñecementos previamente adquiridos e as capacidades e experiencias que posúe. Fomentarase un uso da lingua contextualizado en situación comunicativas propias de diversos ámbitos e que permitan interpretar, valorar e relacionar a información que se transmite na vida cotiá. Deste xeito preténdese propiciar atitudes activas que favorezan o posterior desenvolvemento da capacidade crítica.

Empregarase unha metodoloxía comunicativa que nos axude a traballar e adquirir as competencias, polo que se fomentará en todo momento a autoaprendizaxe e o traballo autónomo.

A integración das Competencias e as Intelixencias múltiples na área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral) e poner en práctica estrayexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a.

A través das actividades os alumnos/as poden desenvolver as súas capacidades en torno á resolución das mesmas e a organización do traballo, dos contidos e dos materiais que se van a utilizar. En definitiva, predomina o traballo cooperativo que permite desenvolver a capacidade de discusión, a comunicación, o intercambio de ideas, o respecto e a comprensión das opinión alleas, e a reflexión sobre as ideas propias.

As bases metodolóxicas que inspiran esta programación son as seguintes:

- O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos. O alumno pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuírlle sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.

- As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; xa que logo é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e incluso os efectos sonoros das gravacións. Ademáis, a inclusión de rutinas ao principio de cada clase, tamén fomenta a motivación e crea expectación neles, adoptando deste xeito unha actitude moi positiva cara o uso e aprendizaje da lingua estranxeira.

Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes. Por iso, esta programación está deseñada para ser utilizada con flexibilidade, de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e do progreso que logran día a día.

A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades didácticas que se desenvolverán ao longo do curso proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. Seguindo esta metodoloxía, o alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do/a profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que mostra o alumno/a debendo: iniciar o input da lingua, axudar o individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar feed-back, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o/a alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro como algo natural durante a aprendizaxe da lingua estranxeira.

Os alumnos realizarán una variedade de actividades: audicións, interpretacións, relacionar, rodear, preguntar, dar información, .. As actividades tamén teñen como meta a satisfacción das necesidades de todos os tipos de aprendizax (visual, auditivo, …) e como obxectivo o desenvolvemento lingüístico dos alumnos, "aprendendo a aprender" e as súas habilidades sociais.

## 12. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para este primeiro curso da Educación Primaria usarase un libro de actividades (*Amazing Rooftops 5, Activity Book; Editorial: Oxford)* e un caderno de aula.

Outros materiais e recursos que se empregarán nas clases serán: audio para practicar a comprensión oral, soportes dixitais como proxector, EDI, tarxetas de imaxes e palabras para xogos e actividades orais, láminas de pequenas historias, así como fichas de traballo contextualizadas para practicar a forma escrita do vocabulario de cada tema, xogos individuais, historias,… así como o libro de aula en soporte dixital a través da plataforma Blinklearning.

Finalmente, mencionar que neste curso escolar, debido ás medidas que se teñen que adoitar pola COVID-19, non disporemos de aula específica de lingua estranxeira, polo que non poderemos traballar e reforzar as catro destrezas a través dos recunchos. Todos os materiais anteriormente citados serán manipulados únicamente pola mestra, a modo de soporte visual. Prescindirase dos xogos en parellas e grupais, así como da realización de dramatizacións pola seguridade de todo o alumnado e manter as medidas de hixiene para dar cumprimento ao protocolo.

## 13.CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DA LINGUA ESTRANXEIRA AO PROXECTO LECTOR

A área de lengua estranxeira contribúe ao fomento da lectura a través do uso da biblioteca de aula, onde hai libros de lectura adaptados a tódalas idades dos nenos que tratan temas moi diversos e dentro dos centros de interese dos alumnos. A esta biblioteca os alumnos acceden libremente cando rematan as súas tarefas. Tamén se contribúe a través da lectura das historias do libro e a súa dramatización grupal.

**Obxectivos** do **Plan Lector** na área de inglés:

- Crear lectores competentes que lles guste ler en inglés, con independencia do nivel de adquisición da lingua que teña o alumnado, e lograr que esta competencia se vaia acrecentando cada vez máis.

- Mellorar e interiorizar a adquisición do vocabulario e as estruturas traballadas na clase, e amplialas con outras que poidan ser usadas nos libros lidos.

- Optimizar a comprensión lectora, engadindo ás unidades didácticas actividades relacionadas coa lectura.

- Consolidar as destrezas lingüísticas de lectura a través actividades de comprensión auditiva, con lecturas que incorporen audio (contos animados, contos con audio, contos con CD, contos en formato dixital ou cancións).

**Actividades**:

***Actividades de lectura* colectiva ou compartida:** destacar a que chamamos "ler xuntos". O profesor actúa como guía e facilitador da descodificación do texto, realizando a lectura oral dos relatos a todo o grupo; así mesmo, a medida que lles conta a historia, vai solicitando a súa participación para que, por exemplo, formulen hipótese sobre o significado do que oen con apoio nas imaxes do texto, ou anticipen o desenvolvemento da historia baseándose na repetición de esquemas narrativos.

Ler xuntos, ademais de resultar divertido como actividade de achegamento ao texto escrito, posúe unhas características que o fan aconsellable dende o principio xa que:

- ✓ Traballase a fonética e o vocabulario a través da historia lida.
- ✓ A linguaxe faise significativa ao aparecer nun contexto de uso moi definido.
- ✓ Promóvese a posta en marcha de estratexias de comprensión animando aos alumnos a predicir o que segue, á vista das ilustracións que acompañan ao texto ou doutros índices textuais (por exemplo, nomes de personaxes ou lugares en maiúsculas).
- ✓ Poténciase a participación colectiva na lectura.

Facilitan este tipo de lectura as historias cunha estrutura narrativa recorrente, predicible, con aceptables doses de repetición de estruturas morfosintácticas, léxicas, palabras que riman, etc., pois con-tribúen a que o significado se vaia construíndo de xeito interactivo, su-perando as dificultades propias dun

achegamento individual.

Con motivo da COVID-19 o uso da biblioteca de aula quedará reducida á consulta puntual de manuais tipo diccionarios que serán manipulados por un único alumno e posteriormente desinfectados e postos en cuarentena.

**14. ACCIÓNS DE EDUCACIÓN EN VALORES E DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA:**

As historias das diferentes unidades fomentan habilidades sociais como a cooperación e o respecto cara aos demais, o traballo en equipo, a valoración das opinións dos demais, ...

No presente curso escolar este tema tratarase de xeito oral e individualizado.

**15. COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL, TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN**

As posibilidades de aplicación das TIC na área de Inglés son innumerables. De feito, a lingua inglesa é o idioma maioritario na rede (o español é o segundo). Internet é un medio óptimo para conseguir mate-rial auténtico para utilizar na aula.

Coa aplicación das TIC na área de Inglés pretendemos alcanzar os seguintes **obxectivos**:

- Facer que os nenos gocen da aprendizaxe do inglés, engadindo variedade, autenticidade e diversión á clase de inglés.

- Reforzar nos nenos a comprensión e uso da lingua estranxeira, mediante vídeos que presentan o vocabulario aprendido na aula, nun mundo real de fala inglesa (no seu contexto natural).

- Incluír en todas as unidades didácticas, na medida do posible, o uso da rede como recurso didáctico e práctica interactiva dos contidos que se estean a traballar, correspondentes aos bloques de expresión oral e escrita, proporcionando así aos alumnos e alumnas unha serie de enlaces seleccionados previamente para que poidan utilizalos tanto na aula coma nas súas casas.

- Empregar a páxina web do centro para dar a coñecer os traballos realizados na clase de inglés.

A área de lingua estranxeira fai uso das TIC neste curso como ferramenta de apoio á metodoloxía usada na aula, xa que ao remate de cada unidade didáctica se repasarán os contidos adquiridos na pizarra dixital, ademáis de traballar a comprensión oral por medio da visualización de videos proxectados co proxector de vídeo e de audio con historias, cancións e exercicios de pronunciación.

## 16.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Nesta área traballaranse as festividades de Halloween, Christmas, St. Patrick's Day e Easter dende un punto de vista cultural a través de unidades didácticas deseñadas para levar a cabo dentro da aula.

Este curso escolar, con motivo da COVID-19, non se propoñerán saídas culturais (teatros,…) nin actividades fóra da aula.

## 17. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

| | **INDICADORES DE LOGRO** | **0** | **1** | **2** | **3** | **4** |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Preparación da clase e dos materiais didácticos** | Hai coherencia entre a programación e o desenvolvemento das clases. | | | | | |
| | Existe unha distribución temporal equilibrada. | | | | | |
| | O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo. | | | | | |
| **Utilización dunha metodoloxía axeitada** | Tivéronse en conta aprendizaxes significativas. Considéranse a interdisciplinariedade (en actividades, tratamento dos contidos,…). | | | | | |
| | A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a. | | | | | |
| **Regulación da práctica docente** | Grao de seguimento dos alumnos. | | | | | |
| | Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes. | | | | | |
| | Os criterios de promoción están acordados entre os profesores. | | | | | |
| **Avaliación das** | Os criterios para una avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e aos contidos. | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **aprendizaxes e información que deles se lles dá aos alumnos e ás familias** | Os instrumentos e avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe. | | | | | |
| | Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas. | | | | | |
| | Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronse a coñer ao alumnado e ás familias. | | | | | |
| **Utilización de medidas para a atención á diversidade** | Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe. | | | | | |
| | Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe. | | | | | |
| | As medidas e os recursos ofrecidos forono suficientes. | | | | | |
| | Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos. | | | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| ESCALA DE VALORACIÓN | Inadecuado | 0 | Escasa ou bastante nula. Non se acadan os mínimos aceptables e precisa una melora substancial. |
| | Insuficiente | 1 | Omítense elementos fundamentais do indicador. |
| | Básico | 2 | Cumprimento suficiente do indicador. |
| | Competente | 3 | Hai prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia no indicador. |
| | Excelente | 4 | Prácticas excepcionais. Modelo de referencia de boas prácticas. |

## 18.MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. PROCESO DE MELLORA

Esta programación será flexible, axeitada a cada curso e revisable en función do alumnado e dos resultados.

O seguimento da programación anual realizarase principalmente en tres momentos: ao finalizar cada unidade didáctica, trimestralmente e anualmente. Teranse en conta os seguintes indicadores:

· Seguimento da temporalización.

· Consecución dos niveis mínimos de logro dos estándares de aprendizaxe traballados.
· Dificultades atopadas.
· Resultados específicos dos procedementos e instrumentos de avaliación.
· Resultados trimestrais das avaliacións.

Unha vez analizados estes indicadores, realizaranse modificacións na programación que poden suponer:
· Unha modificación da metodoloxía empregada.
· Cambios nos procedementos e instrumentos de avaliación.
· Deseño de medidas correctoras para corrixir as dificultades.